



PRESENTACIÓN DO PDI A HISTORIA ENTRE COSTURAS

HORARIO DA PRESENTACIÓN DO ACTO. DÍA 24 DE OUTUBRO:

Previamente, ao longo da semana, o profesorado poderá ler a lenda e o mito que, en cor verde, conteñen este documento, para que o alumnado comprenda o significado.

O acto concreto do **día 24** desenvolverase **entre o primeiro e o segundo recreo**, con acordo ao seguinte horario:

Ás 11:10h o profesorado pintará un punto de cor ao alumnado no medio da fronte ao alumnado que ten na aula nese momento. As coordinadoras explicaranvos concretamente o xeito de proceder.

Ás 11:20h dirixímonos ao pavillón co alumnado que temos na clase e colocámonos de xeito ordenado: os máis pequenos diante ata os maiores, que se colocarán detrás.

Ás 11:30h dará comezo o acto.

1º.- O alumnado colga a súa tea nas cordas que haberá habilitadas a tal efecto, por orde de chegada ao pavillón: os máis altos nas cordas altas e os pequenos, nas baixas. (Parte 1).

2º.- Colócanse nos seus sitios ao rematar.

3º.- Comeza a lectura e dramatización dos textos da parte superior. Prégase que o profesorado manteña en silencio á clase que lle toca. (Partes 2 a 5)

4º.- Ao rematar a parte 5, cada alumno/a ponse ao lado da cartolina coa súa cor que hai pegada nas paredes. (parte 6)

5º.- Entregaráselles un fío ao que se agarrarán facendo un círculo cos 30 compañeiros/as que teñen a mesma cor. Sentan no chan e escoitan o final de acto (parte 6).

6º.- Acaba a lectura, aplaudimos e desfrutamos do 2º recreo.

DESENVOLVEMENTO DO ACTO

PARTE 1

Dirixímonos ao pavillón.

O alumnado colga as teas traídas da casa nos fíos que a tal efecto están colocados no pavillón.

PARTE 2

Como di Irene Vallejo no seu libro *O infinito nun xunco*, a ligazón entre tecer unha tea e crear unha historia vén de ben lonxe; probablemente se orixinou cando os seres humanos aprendimos a comunicarnos, a establecer relacións, a tender fíos.

Ao argumento chamámoslle nó, o relato ten trama, a historia seguímola porque ten un fío e, se nos gustou, dicimos que saíu bordado. Así pois, os contos tecen historias, argumentos ou tramas que parecen madeixas ou nobelos de la e as vidas dos protagonistas están esfiañadas ou cosidas a outras; ás veces, mesmo semellan pender dun fío.

E así é; os personaxes das historias que nos contan os libros, as persoas, en definitiva, únense entre si como se un fío invisible atase os seus afectos.

Iso é o que nos conta a lenda oriental do fío vermello:

PARTE 3

Conta a lenda que un emperador de Xapón fixo traer ao seu pazo unha misteriosa bruxa que tiña a capacidade facer visible un invisible fío vermello que seica une as persoas.

A bruxa fixo a súa maxia e o emperador, de súpeto, viu que tiña atado ao dedo pequeno un longo fío vermello que se estendía máis aló da súa vista. Comezou a seguir o fío e foi para ao mercado. A súa excitación medraba e medraba porque ía descubrir quen era esa persoa á que estaría unido toda a vida. O fío levouno a un posto moi pobre, onde unha muller vestida con farrapos sostiña un bebé no colo.

O emperador enfadouse moito e empurrou á campesiña, que esvarou e bateu no chan con tan mala sorte que o bebé fixo unha ferida enorme na fronte, da que lle quedou unha cicatriz de por vida. Despois mandou chamar a bruxa e condeuna a morte por enganar o emperador.

Pasou moito tempo e a historia da bruxa, a labrega e o fío vermello esqueceuse en todo o imperio.

Moitos anos despois, ao emperador chegoulle o tempo de casar e os seus conselleiros recomendáronlle que o fixese coa filla dun rico e poderoso xeneral. El, que non daba atopado ningunha moza que lle atraese, decidiu facer caso aos conselleiros.

Chegou o día da voda e o emperador ía ver, por primeira vez súa futura muller, pero esta levaba a cara tapada por un veo de seda branca.

Nervioso, ergueu o veo e, por fin, puido ver a cara daquela coa que ía casar. Nese momento levou unha sorpresa enorme pois a moza coa que ía casar tiña na fronte unha fermosa cicatriz vermella.

É cal é a ensinanza desta lenda?

O significado é dobre: Por unha banda, non podemos escapar ao noso destino; pero por outra, estamos unidos a certas persoas de por vida. Pode que por momentos nos afastemos, entón o fío estirara e estirará ata o infinito; pode que a nosa relación se deteriore, entón o fío parecerá estar algo esfiañado; ou que se volva un enrede e pareza non ter sentido, entón o fío semellará enlado, pero o invisible fío vermello fará que máis tarde ou máis cedo acabemos preto delas porque os sentimentos que nos unen son indestrutibles...

...Ben o sabían Ariadna e Teseo:

PARTE 4

Mito do Minotauro: lectura dramatizada alumnado voluntario da biblioteca.

Había unha vez unha rapaza chamada Ariadna, que era filla de Minos e Pasifae, reis dunha illa chamada Creta.

O rei Minos era amigo dun monstro que se chamaba Minotauro, que tiña corpo de home pero cabeza de touro. Minotauro estaba todo o día a amolar as persoas que vivían na illa de Creta. E a xente, claro, non estaba moi contenta. Así que o rei Minos decidiu construír un labirinto (que é un sitio que ten uns camiños moi revirichados e do que é moi difícil saír) e díxolle ao Minotauro:

- É mellor que quedes aquí dentro e non amoles máis á xente da illa de Creta.

Minotauro estaba moi furioso e contestoulle:

- Vale, eu non molesto máis, pero a cambio tes que dar-me de comer unha persoa cada 9 anos.

O rei Minos pensou que era mellor que comese unha persoa cada nove anos e non que andase fastidiando todos os días. Déronse a man e nesas quedaron.

As persoas que vivían en Creta non quedaron moi contentas co acordo, pero non lles quedaba outra...

Un día, chegou por alí un home moi valente chamado Teseo que lles propuxo aos habitantes de Creta:

- Eu irei ao labirinto e matarei o monstro Minotauro.

Imaxinade... Toda a xente de Creta aplaudindo e berrando:

- Viva Teseo, viva Teseo!!!

Pero... Ariadna, a filla do rei, en canto viu a Teseo, namorouse inmediatamente del porque era moi guapo e díxolle:

- Teseo, se ti vas ir matar o monstro, eu sei como axudarte a saír do labirinto; pero cunha condición: que cases comigo.

Teseo pensou que igual non ía ser quen de saír do labirinto e respondeulle:

- Vale, se me axudas, casarei contigo.

Ariadna sabía que era moi difícil saír do labirinto e estivo pensa que te pensarás como podía axudar ao seu namorado e ocorréuselle unha idea fantástica.

Ariadna cosía uns xerseis moi bonitos e como lle sobrara moita la do último que fixera, pensou que podía regalarlle un nobelo de la vermella para que non se perdese no labirinto.

Foi onda Teseo e díxolle:

- Cando chegues ao labirinto, átaslle unha puntiña do fío á porta e vas camiñando polo labirinto agarradiño do fío e así cando esteas dentro, podes ir tirando e tirando do o fío ata chegar outra vez á porta.

Teseo púxose dun contento que daba gloria velo.

Entón, un día, Teseo achegouse ao labirinto onde vivía Minotauro, atou o fío á porta e empezou a camiñar e camiñar no labirinto, pero agarradiño ao fío para non perderse, tal e como lle dixera Ariadna.

Despois de moito buscar e buscar, por fin atopou o Minotauro e comezaron a pelexar e, como Teseo era moi forte e valente, conseguiu vencer o monstro.

Cuando o rei Minos se enterou de que o seu mostro perdera a pelexa, púxose vermello de enfado e mandou buscar a Teseo. Pero... nese mesmiño momento Teseo xa estaba collendo un barco para escapar da illa. Sabedes con quen? Pois claro! Con Ariadna.

PARTE 5

Non sabemos de que cor era o fío que Ariadna lle regalou a Teseo, pero ben podía ser vermello.

Do mesmo xeito do que falabamos antes, ao longo do tempo, os libros foron ligando as emocións e as cores, de tal maneira que hoxe, inconscientemente asociamos algúns dos nosos sentimentos con elas.

Lemos historias de afectos enleadas en fíos de cores. Así pois, unindo cores e afectos... un fío vermello pode suxerir un amor apaixonado; un fío azul, un amor frío e racional; un fío verde, un amor esperanzado ou quizais sereno; un amarelo, un amor celoso; o fío branco estará asociado á pureza; e un rosa, á dozura que ás veces semella algo cursi; un fío negro poderá estar asociado a un amor silecioso e un púrpura, a un romántico, elegante...

Estas teas que adornan hoxe o colexio están feitas de fíos de centos de cores e os nosos afectos son diversos na mesma proporción, pero aquí caben todos.

Unamos os nosos fíos con aquelas persoas que comparten unha parte das nosas vidas.

Aquí comeza a actividade de unir con fíos as persoas que teñen un punto pintado da mesma cor ca nós, construíndo entre todos un entramado, unha trama de afectos...

PARTE 6

As bibliotecas, a nosa biblioteca, o lugar onde habitan os libros, está chea de fíos invisibles que unen paisaxes, argumentos, personaxes ou sentimentos. Incluso fíos que nos unen para sempre a esa historia que lemos e nos tocou a fibra, ese libro especial que nos abriu un mundo novo. Xa que logo, o proxecto deste curso vai fiado ás teas e os tecidos e leva por título "*A historia entre costuras*".

O obxectivo do proxecto é coñecer a evolución da indumentaria a través das distintas épocas, os tecidos e a súa composición, os complementos, os diversos oficios relacionados coa costura, o léxico, a sustentabilidade da industria téxtil e mesmo a moda.